**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Padrón

# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 27 DE AGOSTO DE 2015

**Alcalde-Presidente:**

Don Antonio Fernández Angueira.

**Concelleiros presentes:**

Dona Carmen María Lois Ferrón.

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

**Secretaria:**

Dona Ana María Ares Álvarez.

**Interventor accidental:**

Don José Marcelino Rivera Raris.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día vinte e sete de agosto de dous mil quince, baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnense as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

## ORDE DO DÍA

### 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 30 DE XULLO DE 2015.

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o trinta de xullo de dous mil quince por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

### 2.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 13 DE AGOSTO DE 2015.

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o trece de agosto de dous mil quince por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

### 3.- AUTORIZACIÓN DE SUBCONTRATACIÓN NA OBRA "COMPLEMENTARIO DO COLECTOR XERAL PARA A NOVA UBICACIÓN DA EDAR EN CARCACÍA", EXPTE. NÚMERO 03/2015-OB-PNSP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 25 de agosto de 2015:

**<<Antecedentes administrativos.**

Primeiro. Por Resolución deste Alcalde número 459/2015, do 17 de xuño, adxudicouse o contrato de execución da obra "Complementario do colector xeral para a nova ubicación da EDAR en Carcacía" a EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS GALICIA, SL, e o 19 do mesmo mes asínase o correspondente contrato en documento administrativo, expte. número 03/2015-OB-PNSP.

Segundo. O 21 de agosto de 2015 o contratista presenta no Rexistro xeral de entrada solicitude para subcontrar unha única partida por importe de 500,00 euros e achega para elo a documentación xustificativa da solvencia económica-financeira e a técnica da empresa subcontratista proposta: ELECTRIFICACIONES MIÑONES, SL, así como os medios persoais e materiais que adscribirá á execución da unidade e os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Fundamentos de dereito.**

Primeiro. Visto que a subcontratación solicitada cumpre os límites establecidos no artigo 227 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido la Lei de contratos do sector público (TRLCSP) e no apartado 4-BIS do Anexo I do prego de cláusulas administrativas que rexen este contrato, e visto que queda acreditada a aptitude do subcontratista para realizar as unidades de obra relacionadas.

Segundo. Considerando que a competencia para a celebración do contrato é do Alcalde en base á DA 2ª do TRLCSP, posto que o importe acumulado de todas as anualidades non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000 de euros nin a súa duración é superior aos catro anos, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local polo artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

**Propoño á Xunta de Goberno Local:**

**Primeiro.** Autorizar a EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS GALICIA, con CIF B-15314134, a subcontratación da seguintes empresa para realizar a partida que tamén se relacionan na obra de "Complementario do colector xeral para a nova ubicación da EDAR en Carcacía", expte. número 03/2015-OB-PNSP, cuxo contrato foi adxudicado a aquela sociedade por Resolución do Alcalde número 459/2015, do 17 de xuño:

| Partida a subcontratar | Empresa | Importe da partida a subcontratar |
|---|---|---|
| Acometida eléctrica (parcialmente) | ELECTRIFICACIONES MIÑONES, SL | 500,00 € |

**Segundo.** Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra o cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente someteo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Autorizar a EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS GALICIA, con CIF B-15314134, a subcontratación da seguintes empresa para realizar a partida que tamén se relacionan na obra de "Complementario do colector xeral para a nova ubicación da EDAR en Carcacía", expte. número 03/2015-OB-PNSP, cuxo contrato foi adxudicado a aquela sociedade por Resolución do Alcalde número 459/2015, do 17 de xuño:

| Partida a subcontratar | Empresa | Importe da partida a subcontratar |
|---|---|---|
| Acometida eléctrica (parcialmente) | ELECTRIFICACIONES MIÑONES, SL | 500,00 € |

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

**Segundo.** Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra o cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

**4.- AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO COA INSTALACIÓN DUNHA TERRAZA NO NÚMERO 10 DA PRAZA DE RAMÓN TOJO, SOLICITADA POR DON MOISÉS BALEIRÓN CASAL. EXPEDIENTE 26/2015-ODP-TR.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 24 de marzo de 2015:

**<<Antecedentes administrativos.**

Primeiro. O 12 de marzo de 2015, con número de rexistro de entrada 1963, don Moisés Baleirón Casal, en representación da Sociedad Cultural Padronesa, solicita autorización para ocupación de terreos de dominio público coa instalación dunha terraza composta por catro mesas coas súas correspondentes cadeiras, de abril a setembro do ano 2015, diante do seu establecemento denominado "Casino", situado no baixo do número 10 da praza de Ramón Tojo. Achega coa solicitude croquis de situación das mesas.

Segundo. O 16 de marzo de 2015 a Policía Local emite informe ao respecto no que sinala que *"A colocación das mesas debe ser tal como está marcada no croquis, é dicir, sen invadir a fachada do ALFOLI, nin a do baixo comercial situado entre o ALFOLÍ e o CASINO, ademais de deixar libre a beirarrúa marcada diante do seu establecemento."*

**Fundamentos de dereito.**

Primeiro. De acordo ao establecido nos artigos 58 a 69 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 267, do 19 de novembro de 2004.

Segundo. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como o artigo 5 da devandita Ordenanza Municipal, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

**Propoño á Xunta de Goberno Local:**

**Primeiro.** Conceder a don Moisés Baleirón Casal autorización de temporada, de abril a setembro do 2015, para instalar unha terraza composta por catro mesas coas súas correspondentes cadeiras, diante da fachada do seu establecemento, denominado "Casino", situado no baixo do número 10 da praza de Ramón Tojo.

**Segundo.** De conformidade co informe emitido pola Policía Local, a colocación das mesas debe ser tal como está marcada no croquis, é dicir, sen invadir a fachada do ALFOLI, nin a do baixo comercial situado entre o ALFOLÍ e o CASINO, ademais de deixar libre a beirarrúa marcada diante do seu establecemento.

**Terceiro.** A presente autorización demanial queda condicionada ao cumprimento das obrigas establecidas na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública e demais normativa de aplicación e nas condicións xerais que como Anexo I se achegarán coa notificación do presente acordo e que forman parte integrante da mesma.

**Cuarto.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación da taxa que resulte de aplicación.

**Quinto.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Sexto.** Dar conta do presente acordo aos departamentos de Intervención-Tesourería e Policía Local.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente someteo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Conceder a don Moisés Baleirón Casal autorización de temporada, de abril a setembro do 2015, para instalar unha terraza composta por catro mesas coas súas correspondentes cadeiras, diante da fachada do seu establecemento, denominado "Casino", situado no baixo do número 10 da praza de Ramón Tojo.

**Segundo.** De conformidade co informe emitido pola Policía Local, a colocación das mesas debe ser tal como está marcada no croquis, é dicir, sen invadir a fachada do ALFOLI, nin a do baixo comercial situado entre o ALFOLÍ e o CASINO, ademais de deixar libre a beirarrúa marcada diante do seu establecemento.

**Terceiro.** A presente autorización demanial queda condicionada ao cumprimento das obrigas establecidas na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública e demais normativa de aplicación e nas condicións xerais que como Anexo I se achegarán coa notificación do presente acordo e que forman parte integrante da mesma.

**Cuarto.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación da taxa que resulte de aplicación.

**Quinto.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Sexto.** Dar conta do presente acordo aos departamentos de Intervención-Tesourería e Policía Local.

## 5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS PINTADO EXTERIOR DE FACHADAS DE VIVENDA SITA NO LUGAR DE A PICARAÑA Nº 176, FORMULADA POR DONA MARÍA DEL CARMEN ANGUEIRA PÉREZ, EXPEDIENTE 126/2015/CP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 25 de agosto de 2015:

**ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.**

**Primeiro.** En data 17 de xullo de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6379, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de pintado exterior de fachadas de vivenda sita no lugar de A Picaraña nº 176 con referencia catastral 15066B503055140000FT, formulada por Dª María del Carmen Angueira Pérez. Achégase coa comunicación previa orzamento, datos catastrais, fotografías e petición de autorización á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia para as obras obxecto de comunicación.

**Segundo.** En data 19 de agosto de 2015 a interesada achega documentación adicional consistinte en autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia de data 12 de agosto de 2015.

Padrón

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

**Terceiro.** En data 20 de agosto de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

**Cuarto.** En data 22 de agosto de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

**FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** Artículo 195.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia en canto á suxeción ao réxime de comunicación previa dos actos de uso do solo e do subsolo non sometidos a licenza municipal.

**Segundo.** O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no parágrafo 5 do artigo 194 da LOUG:

- Descrición suficiente das características do acto de que se trate: Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na memoria técnica achegada coa mesma. Pintado de fachadas de vivenda en cor branca, con previa reparación de fendas e limpeza das mesmas.

- Xustificante de pago dos tributos municipais: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resgardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resgardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

- De ser o caso, proxecto técnico esixible legalmente e declaración do/a técnico/a ou os/as técnicos/as que autoricen o proxecto de que éste cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación: Non procede.

- Copia das restantes autorizacións e, de ser o caso, concesións administrativas cando sexan legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Non proceden, vista a conformidade técnica municipal.

- Documento de avaliación ambiental, en caso de requirila o uso a que vaian destinadas as obras: Non procede.

- Copia da autorización ou ditame ambiental, así coma das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente esixibles: Consta achegada autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia de data 12 de agosto de 2015.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 194.5 da LOUG.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de solo non urbanizable de núcleo rural de poboación (NN), conforme o PXOM do Concello de padrón, coa consideración de solo de núcleo rural de acordo co réxime transitorio establecido pola LOUG, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e a LOUG, sen prexuízo do cumprimento das condicións de

edificación e demáis normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

**Terceiro.** De acordo así mesmo co establecido no artigo 194.5 da LOUG, a comunicación previa presentaráse cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informe xurídico municipal e os argumentos neste recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedimento administrativo común (LRXPAC), estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

**Cuarto.** Considerando coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998

**PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 17 de xullo de 2015, asinada por Dª María del Carmen Angueira Pérez, para obras de pintado exterior de fachadas de vivenda sita no lugar de A Picaraña nº 176 con referencia catastral 15066B503055140000FT, expediente 126/2015/CP

**Segundo.** A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

**Terceiro.** Apercíbese ao declarante:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

**Cuarto.** Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

**Quinto.** As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente someteo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 17 de xullo de 2015, asinada por Dª María del Carmen Angueira Pérez, para obras de pintado exterior de fachadas de vivenda sita no lugar de A Picaraña nº 176 con referencia catastral 15066B503055140000FT, expediente 126/2015/CP

**Segundo.** A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

**Terceiro.** Apercíbese ao declarante:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente

da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

**Cuarto.** Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

**Quinto.** As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**6.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE PECHE PARCIAL DE FINCA SITA NO LUGAR DE CRUCES, FORMULADA POR DON FERNANDO CASTAÑO BASCOY, EXPEDIENTE 216/2014/LU.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 25 de agosto de 2015:

**<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.**

**Primeiro.** En data 11 de decembro de 2014 ten entrada no Concello, con número de rexistro 9726, solicitude de licenza municipal de obras para construción de muro de peche parcial de finca sita no lugar de Cruces, composta polas parcelas catastrais 15066C506004710000IR e 15066C506004720000ID, formulada por D. Fernando Castaño Bascoy Achégase coa solicitude memoria técnica redactada e asinada polo enxeñeiro técnico agrícola D. Juan Manuel Hermida Vázquez

**Segundo.** En data 7 de xaneiro de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa desfavorablemente as obras solicitadas requirindo a emenda de deficiencias detectadas e a presentación de documentación adicional para completar a solicitude.

**Terceiro.** En data 13 de xaneiro de 2015 remítese requirimento ao interesado da documentación e emendas definidas no informe técnico municipal.

**Cuarto.** En data 23 de xaneiro de 2015 o solicitante achega anexo I á memoria técnica obrante no

Padrón

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

expediente, que recolle parte das emendas requiridas.

**Quinto.** En data 5 de marzo de 2015 o solicitante achega anexo II á memoria técnica, e o 10 de marzo de 2015 se achega novo anexo, neste caso o anexo III, definindo o acabado do muro e o orzamento modificado.

**Sexto.** En data 12 de marzo de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas, referindo a necesidade de tramitar o expediente perante o Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia, por se atopar dentro do entorno do Camiño Portugués de Santiago.

**Sétimo.** En data 12 de marzo de 2015 remítese oficio á Consellería de Cultura aos efectos de emisión da correspondente autorización sectorial.

**Oitavo.** En data 15 de xullo de 2015 ten entrada no Concello informe favorable da directora xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 2 de xullo de 2015, favorable ás obras solicitadas con certas condicións.

**Noveno.** En data 5 de agosto de 2015 remítese requirimento ao interesado con traslado do condicionado do informe da directora xeral de Patrimonio Cultural.

**Décimo.** En data 18 de agosto de 2015 ten entrada no Concello anexo IV á memoria para a construción do peche que recolle as modificacións requiridas polo informe do Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**Décimo primeiro.** En data 21 de agosto de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas coas emendas introducidas polos sucesivos anexos.

**Décimo segundo.** En data 24 de agosto de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente as obras solicitadas.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** Artigo 195.3 da LOUG en canto á consideración da obra como menor.

**Segundo.** A finca obxecto de actuación, composta por dúas parcelas catastrais, está situada en zona calificada como solo non urbanizable de protección forestal (PF) conforme o PXOM do Concello de Padrón. De acordo co réxime transitorio establecido pola LOUG para os municipios con planeamento non adaptado, ao solo cualificado coma non urbanizable destes municipios lles resultará de aplicación o disposto na LOUG para o solo rústico, neste caso na categoría de solo rústico de protección forestal definida polo artigo 32.2 apartado b) da LOUG.

En canto ao uso autorizable conforme este réxime, se acodimos ao artigo 33.2 apartado i) da LOUG, atopamos coma uso construtivo autorizable a execución de cerramentos ou valado de predios. E no artigo 37.1 se determina que este uso será autorizable mediante licenza municipal directa. Non existe impedimento polo tanto para as obras solicitadas, que segundo o informe técnico municipal cumpren coas dimensións e tipoloxía esixibles conforme a LOUG.

**Terceiro.** Lei 3/1996, de 10 de maio, de protección dos tramos dos Camiños de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia, en canto ás autorizacións sectoriais necesarias para as obras solicitadas. Neste senso, informe favorable da directora xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 2 de xullo de 2015, que se asume coma motivación da presente resolución.

**Cuarto.** En base ao disposto nos informes do arquitecto técnico municipal de data 21 de agosto de 2015 e do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 24 de agosto de 2015, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de

novembro, de réximen xurídico e do procedimento administrativo común (LRXPAC).

**Cuarto.** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

**PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Outorgar a D. Fernando Castaño Bascoy licenza municipal de obras de construción de peche parcial de finca sita no lugar de Cruces, en parcelas con referencias catastrais 15066C506004710000IR e 15066C506004720000ID, expediente 216/2014/LU, conforme a memoria técnica redactada e asinada polo enxeñeiro técnico agrícola D. Juan Manuel Hermida Vázquez e os seus anexos I a IV obrantes no expediente.

**Segundo.** En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

a)Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCIÓN FORESTAL (PF) conforme o PXOM do Concello de Padrón, coa consideración de solo rústico de protección forestal ao abeiro do disposto polo réxime transitorio da LOUG.

b)Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: peche parcial de finca.

c)Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: altura total de peche 1,00 metros conforme as condicións de edificación de peches en solo rústico establecidas pola LOUG.

d)Contía na que se orzan as obras: 5.956,16 euros (sen IVE).

e)Situación e emprazamento das obras: Lugar de Cruces, Padrón. Parcelas catastrais 15066C506004710000IR e 15066C506004720000ID.

f)Nome ou razón social do promotor: D. Fernando Castaño Bascoy

g)Técnico autor do proxecto e director das obras: non procede.

h)Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto administrativo que outorgue a licenza e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende o inicio das obras. No tocante á caducidade das licenzas, estaráse ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

**Quinto.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Padrón

Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente someteo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Outorgar a D. Fernando Castaño Bascoy licenza municipal de obras de construción de peche parcial de finca sita no lugar de Cruces, en parcelas con referencias catastrais 15066C506004710000IR e 15066C506004720000ID, expediente 216/2014/LU, conforme a memoria técnica redactada e asinada polo enxeñeiro técnico agrícola D. Juan Manuel Hermida Vázquez e os seus anexos I a IV obrantes no expediente.

**Segundo.** En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

i)Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCIÓN FORESTAL (PF) conforme o PXOM do Concello de Padrón, coa consideración de solo rústico de protección forestal ao abeiro do disposto polo réxime transitorio da LOUG.

j)Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: peche parcial de finca.

k)Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: altura total de peche 1,00 metros conforme as condicións de edificación de peches en solo rústico establecidas pola LOUG.

l)Contía na que se orzan as obras: 5.956,16 euros (sen IVE).

m)Situación e emprazamento das obras: Lugar de Cruces, Padrón. Parcelas catastrais 15066C506004710000IR e 15066C506004720000ID.

n)Nome ou razón social do promotor: D. Fernando Castaño Bascoy

o)Técnico autor do proxecto e director das obras: non procede.

p)Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto administrativo que outorgue a licenza e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende o inicio das obras. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

**Quinto.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o

Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**7.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS PARA REPARACIÓN DE TERRAZA EN EDIFICIO SITO NA RÚA ACCESO E DEFENSA XARDÍN BOTÁNICO Nº 14, FORMULADA POR DON VICTORIANO LUIS GRELA MAGARIÑOS EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO INMOBLE, EXPEDIENTE 88/2015/LU.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 25 de agosto de 2015:

**<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.**

**Primeiro.** En data 4 de xuño de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 4767, comunicación previa para obras e usos do solo e subsolo non sometidos a licenza de obras de arranxo de terraza en inmoble sito na rúa Acceso e Defensa do Xardín Botánico, con referencia catastral 8019608NH2381N0012DL, formulada por D. Victoriano Luis Grela Magariños en representación da Comunidade de Propietarios do edificio. Achéganse coa solicitude orzamento, fotografía e datos catastrais.

**Segundo.** En data 19 de xuño de 2015 o solicitante achega formulario cumprimentado de solicitude de licenza municipal de obras.

**Cuarto.** En data 22 de xuño de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente a solicitude, referindo a necesidade de contar con autorización sectorial en materia de protección do patrimonio histórico.

**Quinto.** En data 22 de xuño de 2015 remítese oficio ao Departamento Territorial da Conselleria de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na Coruña aos efectos de obter a preceptiva autorización sectorial.

**Sexto.** En data 14 de agosto de 2015 ten entrada no Concello resolución do Xefe de Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial do Patrimonio Histórico da Coruña de data 6 de agosto de 2015, que autoriza as obras solicitadas.

**Sétimo.** En data 20 de agosto de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa a solicitude.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

**Primeiro.** Artigo 195.3 da LOUG en canto á consideración da obra como menor.

**Segundo.** Disposición transitoria primeira da LOUG en canto á aplicabilidade do disposto na mesma para o solo urbano consolidado, no caso de solo calificado coma urbano polo planeamento municipal cando éste non se atopa adaptado á LOUG.

**Terceiro.** Ordenanza de solo urbano residencial de edificación entre medianeiras (URME) do vixente PXOM do Concello de Padrón en canto á calificación urbanística do inmoble, usos autorizables e condicionantes urbanísticos. Mesma ordenanza e artigo 47.1 da Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia, en canto á necesidade de contar con autorización sectorial en materia patrimonial.

**Cuarto.** En base ao disposto no informe técnico municipal de data 22 de xuño de 2015 e o do asesor xurídico en Materia de Urbanismo do 20 de agosto de 2015, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedimento administrativo común (LRXPAC).

**Quinto.** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da

Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

**PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** outorgar á Comunidade de Propietarios do edificio acceso e defensa Xardin Botánico nº 14 licenza municipal de obras para arranxo de terraza en inmoble sito na rúa Acceso e Defensa do Xardín Botánico nº 14, con referencia catastral 8019608NH2381N0012DL, expediente 88/2015/LU, conforme os orzamentos e documentación presentada.

a) Deberá cumprir coas esixencias que se derivan do Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

**Segundo.** En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licencia concedida:

a)Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo urbano residencial de edificación entre medianeiras (URME) no entorno dun ben de interse cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón

b)Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: reparación de terraza.

c)Altura, volumes e ocupación de parcela: os existentes.

d)Contía na que se orzan as obras: 8.085,00 euros. (sen IVE)

e)Situación e emprazamento das obras: rúa acceso e defensa do Xardín Botánico.

f)Nome ou razón social do promotor: Comunidade de Propietarios edificio acceso e defensa Xardín Botánico 17

g)Técnico autor do proxectoe director das obras: non procede.

h)Contratista das obras: D. Jesús Lapido Calvo.

i)Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de seis (6) meses contados dende a data de inicio das obras. Ós efectos de caducidade das licenzas estaráse ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

**Quinto.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano

titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente someteo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** outorgar á Comunidade de Propietarios do edificio acceso e defensa Xardín Botánico nº 14 licenza municipal de obras para arranxo de terraza en inmoble sito na rúa Acceso e Defensa do Xardín Botánico nº 14, con referencia catastral 8019608NH2381N0012DL, expediente 88/2015/LU, conforme os orzamentos e documentación presentada.

b) Deberá cumprir coas esixencias que se derivan do Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

**Segundo.** En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licencia concedida:

a)Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo urbano residencial de edificación entre medianeiras (URME) no entorno dun ben de interse cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón

b)Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: reparación de terraza.

c)Altura, volumes e ocupación de parcela: os existentes.

d)Contía na que se orzan as obras: 8.085,00 euros. (sen IVE)

e)Situación e emprazamento das obras: rúa acceso e defensa do Xardín Botánico.

f)Nome ou razón social do promotor: Comunidade de Propietarios edificio acceso e defensa Xardín Botánico 17

g)Técnico autor do proxectoe director das obras: non procede.

h)Contratista das obras: D. Jesús Lapido Calvo.

i)Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de seis (6) meses contados dende a data de inicio das obras. Ós efectos de caducidade das licenzas estaráse ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da via pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

**Quinto.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**8.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE DEMOLICIÓN DE HÓRREO E PECHE EN FINCA SITA NO LUGAR DE ROMARÍS, PAZOS, FORMULADA POR DONA MARÍA BEGOÑA GÓMEZ GARCÍA, EXPEDIENTE 140/2015/CP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 25 de agosto de 2015:

**<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.**

**Primeiro.** En data 27 de xullo de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6592, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de demolición de hórreo e peche en finca sita no lugar de Romarís, Pazos, con referencia catastral 8447429NH2384N0001AH, formulada por Dª María Begoña Gómez García. Achégase coa comunicación previa orzamento, datos catastrais e fotografías.

**Segundo.** En data 11 de agosto de 2015 a interesada achega documentación adicional consistinte en informe pericial do enxeñeiro técnico agrícola D. Juan Manuel Hermida Vázquez sobre a antigüedade do Hórreo.

**Terceiro.** En data 18 de agosto de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

**Cuarto.** En data 24 de agosto de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

**FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** Artículo 195.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia en canto á suxeción ao réxime de comunicación previa dos actos de uso do solo e do subsolo non sometidos a licenza municipal.

**Segundo.** O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no parágrafo 5 do artigo 194 da LOUG:

- Descrición suficiente das características do acto de que se trate: Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa, defínense así mesmo nas observacións da conformidade dos servizos técnicos municipais, á que nos remitimos expresamente. Demolición dun hórreo así coma dun pequeno cercado de reducidas dimensións adicado a galiñeiro, composto de postes e rede sobre unha pequena base de ladrillo cara vista.

- Xustificante de pago dos tributos municipais: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resgardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de

xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resgardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

– De ser o caso, proxecto técnico esixible legalmente e declaración do/a técnico/a ou os/as técnicos/as que autoricen o proxecto de que éste cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación: Non procede.

– Copia das restantes autorizacións e, de ser o caso, concesións administrativas cando sexan legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Non proceden, vista a conformidade técnica municipal. Neste senso, por parte da interesada se achega informe pericial que xustifica a antiguedade do hórreo, construido nos anos 60 e cunha tipoloxía e materiais que o exclúen da necesidade de contar con autorización sectorial en materia de protección do patrimonio, que se circunscribe a hórreos de máis de cen anos de antiguedade, de acordo cos artigos 47 e 54 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio Cultural da Comunidade Autónoma de Galicia.

– Documento de avaliación ambiental, en caso de requirila o uso a que vaian destinadas as obras: Non procede.

– Copia da autorización ou ditame ambiental, así coma das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente esixibles: Non procede o ditame ambiental.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 194.5 da LOUG.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de solo non urbanizable de núcleo rural de poboación (NN), conforme o PXOM do Concello de Padrón, coa consideración de solo de núcleo rural de acordo co réxime transitorio establecido pola LOUG, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e a LOUG, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demáis normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

**Terceiro.** De acordo así mesmo co establecido no artigo 194.5 da LOUG, a comunicación previa presentaráse cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informe xurídico municipal e os argumentos neste recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedimento administrativo común (LRXPAC), estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

**Cuarto.** Considerando coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998

**PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 27 de xullo de 2015, asinada por Dª María Begoña Gómez García, para obras de demolición de hórreo e peche en finca sita no lugar de Romarís, Pazos, con referencia catastral 8447429NH2384N0001AH, expediente 140/2015/CP

**Segundo.** A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

**Terceiro.** Apercíbese ao declarante:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

**Cuarto.** Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

**Quinto.** As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Con carácter previo ao debate e votación do asunto auséntase da sesión o señor Alcalde, don Antonio Fernández Angueira, en cuprimento do establecido no artigo 76 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o 96 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sendo sustiuído na Presidencia da sesión por dona Carmen María Lois Ferrón, primeira tenente de Alcalde.

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente someteo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 27 de xullo de 2015, asinada por Dª María Begoña Gómez García, para obras de demolición de hórreo e peche en finca sita no lugar de Romarís, Pazos, con referencia catastral 8447429NH2384N0001AH, expediente 140/2015/CP

**Segundo.** A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

**Terceiro.** Apercíbese ao declarante:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

**Cuarto.** Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

**Quinto.** As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal

Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Rematada a votación incorpórase á sesión o señor Alcalde, quen volve a ocupar a Presidencia da sesión.

**9.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS PARA LIMPEZA, RETELLADO E IMPERMEABILIZACIÓN DE CUBERTA DE VIVENDA SITA NA RÚA DO CARMEN Nº 31, FORMULADA POR DON JOSÉ MÉNDEZ BOGA, EXPEDIENTE 78/2015/LU.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 25 de agosto de 2015:

**<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.**

**Primeiro.** En data 25 de maio de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 4486, comunicación previa para obras e usos do solo e subsolo non sometidos a licenza de obras de limpeza, retellado e impermeabilización de cuberta de vivenda sita na rúa do Carmen nº 31, con referencia catastral 7719306NH2371N0001ZU, formulada por D. José Méndez Boga. Achéganse coa solicitude orzamento, fotografía e datos catastrais.

**Segundo.** En data 28 de maio de 2015 emítese requirimento ao interesado de documentación adicional, precisando que a intervención non está sometida ao réxime de comunicación previa senón ao de licenza municipal de obras.

**Terceiro.** En data 4 de xuño de 2015 o solicitante achega formulario cumprimentado de solicitude de licenza municipal de obras e documentación adicional requirida.

**Cuarto.** En data 17 de xuño de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente a solicitude, referindo a necesidade de contar con autorización sectorial en materia de protección do patrimonio histórico.

**Quinto.** En data 22 de xuño de 2015 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na Coruña aos efectos de obter a preceptiva autorización sectorial.

**Sexto.** En data 14 de agosto de 2015 ten entrada no Concello resolución do Xefe de Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial do Patrimonio Histórico da Coruña de data 6 de agosto de 2015, que autoriza as obras solicitadas con determinadas condicións.

**Sétimo.** En data 20 de agosto de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa a solicitude.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

**Primeiro.** Artigo 195.3 da LOUG en canto á consideración da obra como menor.

**Segundo.** Disposición transitoria primeira da LOUG en canto á aplicabilidade do disposto na mesma para o solo urbano consolidado, no caso de solo calificado coma urbano polo planeamento municipal cando éste non se atopa adaptado á LOUG.

**Terceiro.** Ordenanza de solo urbano residencial dos barrios orixinarios da vila (URBO) do vixente PXOM do Concello de Padrón en canto á calificación urbanística do inmoble, usos autorizables e condicionantes urbanísticos. Mesma ordenanza e artigo 47.1 da Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia, en canto á necesidade de contar con autorización sectorial en materia patrimonial.

**Cuarto.** En base ao disposto no informe técnico municipal de data 17 de xuño de 2015 e o do asesor xurídico en Materia de Urbanismo do 20 de agosto de 2015, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedimento administrativo común (LRXPAC).

**Quinto.** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

**PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** outorgar a D. José Méndez Boga licenza municipal de obras para limpeza, retellado e impermeabilización de cuberta de vivenda sita na rúa do Carmen nº 31, con referencia catastral 7719306NH2371N0001ZU, expediente 78/2015/LU, conforme os orzamentos e documentación presentada.

a) Deberá cumprir coas esixencias que se derivan do Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

**Segundo.** En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licencia concedida:

a)Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo urbano residencial dos barrios orixinarios da vila (URBO) dentro do ámbito do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e no entorno dun ben de interse cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón

b)Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: limpeza e retellado de cuberta de vivenda, con reparación de chapados (impermeabilización).

c)Altura, volumes e ocupación de parcela: os existentes.

d)Contía na que se orzan as obras: 1.920,00 euros. (sen IVE)

e)Situación e emprazamento das obras: rúa do Carmen 31

f)Nome ou razón social do promotor: D. José Méndez Boga

g)Técnico autor do proxectoe director das obras: non procede.

h)Contratista das obras: D. Jesús Lapido Calvo.

i)Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de seis (6) meses contados dende a data de inicio das obras. Ós efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da via pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

**Quinto.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producindose debate sobre o asunto, o Presidente someteo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** outorgar a D. José Méndez Boga licenza municipal de obras para limpeza, retellado e impermeabilización de cuberta de vivenda sita na rúa do Carmen nº 31, con referencia catastral 7719306NH2371N0001ZU, expediente 78/2015/LU, conforme os orzamentos e documentación presentada.

a) Deberá cumprir coas esixencias que se derivan do Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

**Segundo.** En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licencia concedida:

a)Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo urbano residencial dos barrios orixinarios da vila (URBO) dentro do ámbito do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e no entorno dun ben de interse cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón

b)Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: limpeza e retellado de cuberta de vivenda, con reparación de chapados (impermeabilización).

c)Altura, volumes e ocupación de parcela: os existentes.

d)Contía na que se orzan as obras: 1.920,00 euros. (sen IVE)

e)Situación e emprazamento das obras: rúa do Carmen 31

f)Nome ou razón social do promotor: D. José Méndez Boga

g)Técnico autor do proxectoe director das obras: non procede.

h)Contratista das obras: D. Jesús Lapido Calvo.

i)Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de seis (6) meses contados dende a data de inicio das obras. Ós efectos de caducidade das licenzas estaráse ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

**Quinto.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**10.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ESTABLECEMENTO ADICADO A RESTAURANTE UBICADO EN PONTE MEANA Nº 186, CON DENOMINACIÓN COMERCIAL "J.M.O.", FORMULADA POR DONA YESICA PAULOS TORRES, EXPEDIENTE 22/2015/CTA.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 25 de agosto de 2015:

**<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:**

**Primeiro.** En data 4 de maio de 2015 ten entrada no concello, con número de rexistro 3674, comunicación previa de cambio de titularidade de establecemento adicado a restaurante, baixo a denominación "J.M.O.", sito no lugar de Ponte Meana nº 186, formulada por Dª Yesica Paulos Torres, nova titular da actividade. Achégase coa solicitude formulario de comunicación previa de cambio de titularidade, alta no IAE, copia de contrato de arrendamento do local e copia da licenza do local outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de setembro de 2008.

**Segundo.** En data 24 de agosto do 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo ao servizo do Concello informa favorablemente a solicitude.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** Artigo 13 do regulamento das corporacións locais en canto á transmisibilidade da licenza.

**Segundo.** Artigo 24.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e competitividade económica de Galicia, en canto ao sometemento do cambio de titularidade ao réxime de comunicación previa.

**Terceiro.** En base ao disposto no informe do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 24 de agosto de 2015, e os argumentos neste recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

artigo 89.5. da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedimento administrativo común (LRXPAC).

**Cuarto.** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras e actividade tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, e polo tanto resultando tamén ser o órgano competente para tomar coñecemento do troco de titularidade solicitado,

**PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza municipal de apertura dun establecemento adicado a restaurante baixo a denominación comercial "J.M.O.", sito no lugar de Ponte Meana nº 186, pasando á titularidade de Dª Yesica Paulos Torres, expediente 22/2015/CPA.

**Segundo.** O presente acordo se adoita sen prexuízo de terceiros, e o exercicio da actividade se atopa sometida ao condicionado xeral e particular da licenza de actividade do local para o exercicio da actividade de cafe bar especial, outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de setembro de 2008., así coma ao mantemento durante o tempo de exercicio da mesma do cumprimento de toda a normativa de aplicación.

**Terceiro.** Cumpliméntese e expídase polos servizos administrativos do Concello a correspondente cartulina acreditativa da licenza de apertura a nome do beneficiario da transmisión.

**Cuarto.** Dar traslado do acordo adoptado ao servizos municipais de Urbanismo, así como dar traslado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden as taxas e tributos municipais que, no seu caso, resulten de aplicación.

**Quinto.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano delegante, isto é, o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente somételo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza municipal de apertura dun establecemento adicado a restaurante baixo a denominación comercial "J.M.O.", sito no lugar de Ponte Meana nº 186, pasando á titularidade de Dª Yesica Paulos Torres, expediente 22/2015/CPA.

**Segundo.** O presente acordo se adoita sen prexuízo de terceiros, e o exercicio da actividade se atopa sometida ao condicionado xeral e particular da licenza de actividade do local para o exercicio da actividade de cafe bar especial, outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de setembro de 2008., así coma ao mantemento durante o tempo de exercicio da mesma do cumprimento de toda a normativa de aplicación.

**Terceiro.** Cumpliméntese e expídase polos servizos administrativos do Concello a correspondente cartulina acreditativa da licenza de apertura a nome do beneficiario da transmisión.

**Cuarto.** Dar traslado do acordo adoptado ao servizos municipais de Urbanismo, así como dar traslado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden as taxas e tributos municipais que, no seu caso, resulten de aplicación.

**Quinto.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano delegante, isto é, o Alcalde, no

prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**11.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL DESTINADO A LABORATORIO DE PRÓTESES E CLÍNICA DENTAL NA AVENIDA CALVO SOTELO Nº 43, ESCALEIRA 1, BAIXO, FORMULADA POR DON EUGENIO SAN MARTÍN LÓPEZ, EXPEDIENTE 20/2015/LU.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 25 de agosto de 2015:

**<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.**

**Primeiro.** En data 12 de febreiro de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 1133, solicitude de licenza municipal de obras para acondicionamento interior de local destinado a laboratorio de próteses e clínica dental na avenida Calvo Sotelo nº 43, escaleira 1, baixo. Achéganse coa solicitude duas copias de "Proyecto básico y de ejecución para acondicionamiento de local destinado a laboratorio de prótesis y clínica dental" redactado e asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alberto Otero da Costa, visado polo COETICOR en data 11 de febreiro de 2015.

**Segundo.** En data 12 de marzo de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas referindo a necesidade de tramitar o expediente perante o Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así coma a aportación de documentación adicional necesaria para a tramitación do expediente.

**Terceiro.** En data 13 de marzo de 2015 emítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos efectos de tramitación da preceptiva autorización sectorial. En mesma data emítese requirimento ao interesado da documentación adicional referida no informe técnico municipal.

**Cuarto.** En data 11 de maio de 2015 ten entrada no Concello escrito do interesado adxuntando a documentación adicional requirida.

**Quinto.** En data 16 de xuño de 2015 ten entrada no Concello notificación de resolución do Xefe territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 25 de xuño de 2015, favorable ás obras solicitadas.

**Sexto.** En data 20 de agosto de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa a solicitude.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

**Primeiro.** Trátase da solicitude de licenza municipal de obras para a reforma e acondicionamento intereior dun local para o exercicio da actividade de laboratorio de próteses e clínica dental en inmoble sito na avenida Calvo Sotelo nº 43, escaleira 1, baixo, con referencia catastral 7919702NH2371N0002OI, ubicado polo tanto no casco histórico da Vila de Padrón.

Entendemos que dada a entidade da intervención, visto o informe técnico municipal, dada a alteración do uso do inmoble así coma o carácter estrutural das obras, resulta de aplicación o disposto polo artigo 195.3 da LOUG, no senso de precisar a presentación de proxecto técnico completo redactado por técnico competente, con exemplares para cada organismo que teña que informar a solicitude.

No presente caso cóntase co "Proyecto básico y de ejecución para acondicionamiento de local destinado a laboratorio de prótesis y clínica dental", que visto o informe técnico municipal favorable e o seu contido cumpre con tódolos condicionantes e contido necesario, resultando hábil para documentar a intervención.

**Segundo.** O inmoble obxecto da intervención sitúase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Padrón como Solo Urbano Residencial en Núcleo Antigo (URNA), ordenanza ésta que resulta de aplicación con carácter transitorio en tanto non se elabora un Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Conxunto Histórico de Padrón, que está previsto no vixente PXOM pero non foi redactado.

A inclusión nun conxunto histórico calificado coma BIC conleva a obriga de contar co informe favorable da Comisión Territorial de Patrimonio da Consellería de Cultura, conforme ó establecido no artigo 47.1 da Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia. Esta obriga ven dada asimesmo polo disposto na ordenanza municipal de Solo Urbano Residencial en Nucleo Antigo (URNA). No presente suposto cóntase coa preceptiva autorización a medio de resolución do Xefe territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 25 de xuño de 2015, favorable ás obras solicitadas

O inmoble obxecto da actuación está incluido no catálogo do Casco Histórico do PXOM, na súa ficha individualizada nº 27, coma edificio 27.19. As obras resultan acordes co grao de protección disposto para o inmoble.

A aplicabilidade do disposto no PXOM na ordenanza URNA ven dada pola disposición transitoria primeira da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. (LOUG). O PXOM do Concello de Padrón non foi adaptado á Lei do Solo nin á LOUG. A este respecto a disposición transitoria primeira mencionada determina que ao solo calificado coma urbano polo PXOM dos municipios non adaptados lles resultará de aplicación o disposto na LOUG respecto ao solo urbano consolidado, sen prexuízo de respetar a normativa vixente. Polo tanto o marco normativo de aplicación para o solo urbano, neste caso o calificado coma Urbano Residencial de Núcleo Antigo, abrangue tanto o disposto pola LOUG no referente ao solo urbano consolidado coma os condicionantes urbanísticos e usos autorizables dispostos pola ordenanza municipal.

**Terceiro.** Non son necesarias outras autorizacións sectoriais para a intervención solicitada, visto o informe técnico municipal. Non se determina polos servizos técnicos a necesidade de depósito ou aval algún.

**Cuarto.** O órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998

**PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Outorgar a D. Eugenio San Martín López licenza municipal de obras de acondicionamento intereior dun local para o exercicio da actividade de laboratorio de próteses e clínica dental en inmoble sito na avenida Calvo Sotelo nº 43, escaleira 1, baixo, con referencia catastral 7919702NH2371N0002OI, expediente 20/2015/LU, conforme o "Proyecto básico y de ejecución para acondicionamiento de local destinado a laboratorio de prótesis y clinica dental" redactado e asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alberto Otero da Costa, visado polo COETICOR en data 11 de febreiro de 2015.

a) O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras.

b) Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

**Segundo.** En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licencia concedida:

a)Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano Residencial en Núcleo Antigo (URNA) conforme o PXOM, coa categoría de ben de interese cultural, declarado polo

Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón

b)Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: acondicionamento de local comercial para cambio de uso

c)Altura e volume autorizables: os existentes.

d)Contía na que se orzan as obras: 21.595,53 euros. (sen IVE)

e)Situación e emprazamento das obras: Avenida Calvo Sotelo nº 43, esc. 1, baixo.

f)Nome ou razón social do promotor: D. Eugenio San Martín López

g)Técnico autor do proxecto: D. Alberto Otero da Costa (enxeñeiro técnico industrial)

h)Técnico director das obras: D. Alberto Otero da Costa (enxeñeiro técnico industrial)

i)Técnico director da execución material das obras: non procede.

j)Coordinador de seguridade e saúde:non procede.

k)Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de seis (6) meses contados dende a data de inicio das obras. Ós efectos de caducidade das licenzas estaráse ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

**Quinto.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente someteo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Outorgar a D. Eugenio San Martín López licenza municipal de obras de acondicionamento intereior dun local para o exercicio da actividade de laboratorio de próteses e clínica dental en inmoble sito na avenida Calvo Sotelo nº 43, escaleira 1, baixo, con referencia catastral 7919702NH2371N0002OI, expediente 20/2015/LU, conforme o "Proyecto básico y de ejecución para acondicionamiento de local destinado a laboratorio de prótesis y clínica dental" redactado e asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alberto Otero da Costa, visado polo COETICOR en data 11 de febreiro de 2015.